



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de Administración electrónica

CONVOCATORIA: Curso superior de Administración electrónica

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	114
-----------------------	----------------	--------------	----------	---------------	-----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
------------------------	----------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1
-------------------------	----------------------------	-------------------	----------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 31/07/2026 - 09:00h ao 04/09/2026 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Nos últimos anos puxéronse en marcha unha serie de iniciativas a nivel europeo, nacional e autonómico para impulsar o desenvolvemento da Administración electrónica. Con elas preténdese aproveitar as innovacións que as tecnoloxías dixitais, na súa constante evolución, poden achegar para construír un modelo de Administración máis transparente, sinxelo, eficaz e inclusivo, facilitando a interacción coa cidadanía, empresas e outras administracións.

Neste sentido, a formación do persoal empregado público en Administración electrónica é esencial, pois permite a mellora das súas competencias dixitais e a asunción de novos procedementos de traballo, o que contribúe, en gran medida, a conseguir unha Administración máis eficaz, eficiente, próxima, transparente e accesible.

O Curso superior de Administración electrónica pretende afondar nos aspectos máis importantes da Administración electrónica desde unha tripla perspectiva, xurídica, técnica e práctica. Deste xeito, poden destacarse como principais obxectivos do curso os seguintes:

- Concienciar o alumnado sobre a importancia que ten a implantación da Administración electrónica nas distintas administracións da nosa comunidade
- Proporcionar coñecementos teóricos e prácticos de informática e do réxime xurídico da Administración dixital.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, que se encadren nas seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público das ditas categorías, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local e da Administración de xustiza.

PROGRAMA

Este curso superior abordará os seguintes contidos:

- Réxime xurídico dunha Administración dixital.
- Identidade dixital: identificación e sinatura dixitais.
- Sede electrónica e Carpeta cidadá.
- Sistema único de rexistro. Canles electrónicas e presenciais.
- Notificación electrónica.
- Seguridade da Información. Impacto do Regulamento xeral de protección de datos.
- Cooperación interadministrativa. Instrumentos de coordinación no desenvolvemento da Administración electrónica. Iniciativas no marco europeo.
- GovTech. Tecnoloxía avanzada e ferramentas dixitais para mellorar a eficiencia, transparencia e accesibilidade dos servizos públicos.
- Interoperabilidade de datos e documentos.
- Arquivo electrónico e documentos electrónicos.
- Licitación e factura electrónicas.
- Atención á cidadanía. Transparencia e reutilización.

O programa-díptico do curso, unha vez sexa confirmado, estará accesible na web da EGAP, no espazo de cursos superiores, no que figurará todo o persoal docente desta actividade.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados para as persoas destinatarias na base cuarta da convocatoria. A orde de admisión virá determinada pola data e hora de inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e criterios de selección establecidos nas bases cuarta e oitava respectivamente da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar, en primeiro lugar, a área na que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e, despois, seleccionar en «nome do curso»: Curso superior de Administración electrónica.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTO

LOCALIDADE: Presencial + Teleformación

INICIO / FIN: 22/09/2026 a 27/10/2026

NUM. PRAZAS: 70

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 27/10/2026 ás 16:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 22 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 22 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 29 de setembro de 11:00 a 14:00. O día 29 de setembro de 16:00 a 19:00. O día 06 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 06 de outubro de 16:00 a 19:00. O día 13 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 13 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: O día 20 de outubro de 11:00 a 14:00. O día 20 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA